



Concello de Vigo  
Expte. 5426/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 6/2025

### SESIÓN ORDINARIA DO 27 DE ABRIL DE 2026

#### ORDE DO DÍA

1. **Actas anteriores:** ordinaria do 30 de marzo do 2026.

#### PARTE RESOLUTIVA

##### **Ditames das comisións informativas:**

#### ORZAMENTOS E FACENDA

2. Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do 2026 e período medio de pagos dos 3 primeiros meses do 2026; dación de conta. Expte. 27/543. (Expte. Pleno 5411/1101).
3. Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao 1º trimestre do 2026, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias; dación de conta. Expediente 463/143. (Expte. Pleno 5421/1101).

##### **Mocións:**

4. Moción do grupo municipal do BNG en defensa das traballadoras e traballadores galegos e contra a criminalización das baixas laborais por parte do goberno da Xunta de Galiza. Expte. 5428/1101.
5. Moción do grupo municipal Socialista relacionada có IES Domingo Villar de Navia. Expte. 5432/1101.
6. Moción do grupo municipal Socialista esixindo á Xunta de Galicia un plan para a reforma integral das infraestruturas educativas de Vigo. Expte. 5433/1101.
7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a adopción de medidas da área de ciruxía cardíaca e hemodinámica. Expte. 5434/1101.

8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas co aeroporto de Vigo. Expte. 5435/1101.

## **PARTE DE CONTROL**

### **Mocións.**

9. Moción do grupo municipal do Partido Popular diante da proliferación das "Narcocasas" en Vigo e o incremento da inseguridade cidadá. Expte. 5431/1101.

### **Resolucións.**

10. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/03/26 e o 20/04/26, incluídas no Expte. Pleno 5429/1101.
11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/03/26 e o 20/04/26, incluídas no Expte. Pleno 5430/1101.

### **12. Formulación de rogos.**

### **13. Formulación de preguntas.**

## ASISTENTES

### POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde  
Aguiar Castro, Yolanda  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Caride Estévez, María José  
Espinosa Mangana, Elena  
Estévez Rodríguez, Pablo Luis  
Fernández Pérez, José Manuel  
Gómez Díaz, Gorka  
Iglesias López, Patricia  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M.<sup>a</sup> Carmen

### POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel  
García González, Patricia  
González Abeijón, Fernando  
Martin Peña, Jose Miguel  
Sanchez Méndez, M.<sup>a</sup> Luisa

### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Martínez Piñeiro, Ana  
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Iglesias González, Ana Laura, concelleira do grupo municipal Socialista.

Abalde Comesaña, Filipe, concelleiro do grupo municipal do BNG

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05 h) do día vinte e sete de abril do ano dous mil vinte e seis (27/04/26), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

## **1.(60). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 30 DE MARZO DO 2026.**

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos vinte e cinco (25) membros presentes da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas,

- Sesión núm. 5/2026 ordinaria, celebrada o 30/03/26.

## **PARTE RESOLUTIVA**

### **DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

(\*) O Sr. Alcalde Presidente, de conformidade co sinalado no artigo 51, parágrafo segundo, do Regulamento Orgánico do Pleno, indica que se realizará o debate conxunto dos puntos dous e tres da orde do día.

## **2.(61). INFORME TRIMESTRAL DE TESOURERÍA SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PARA O PAGO DAS OBRIGACIÓNS PREVISTAS NAS LEIS, CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2026 E PERÍODO MEDIO DE PAGOS DOS 3 PRIMEIROS MESES DO 2026; DACIÓN DE CONTA. EXPTE. 27/543. (EXPTE. PLENO 5411/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe de Tesourería, de data 9.04.26, que di o que segue,

## “LEXISLACIÓN APLICABLE.-

Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.

Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro.

Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.

Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014.

Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade 2015 do MINH.

Guía trimestral e mensual que se incorpora na plataforma do Ministerio.

## INFORME.-

### I Ámbito subxectivo

O artigo 2.b) da Lei 3/2004, establece que aos efectos regulados nesta Lei, considérase como: (...) b) Administración, aos entes, organismos e entidades que forman parte do sector público, de acordo co artigo 3 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de Contratos do Sector Público.

### II.- Ámbito obxectivo.

O apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, dispón que os Tesoureiros das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe ao Pleno da Corporación sobre o cumprimento dos prazos previstos na citada Lei para o pago das obrigas de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O ámbito obxectivo do informe trimestral son as operacións comerciais, correspondéndose no Concello de Vigo, con carácter xeral, cos gastos en bens correntes e servizos e cos investimentos (capítulos II e VI do Orzamento de Gastos, quedando incluídas tamén aqueles pagos que se fan con cargo ao capítulo IV como forma de pago dos bonos polo uso do transporte urbano público colectivo). Quedan fora do ámbito da Lei as operacións que no estean baseadas nunha relación comercial, as que teñen causa nunha relación estatutaria e de persoal ou as que son consecuencia da potestade expropiadora ou da acción de fomento.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagas con cargo ao Fondo para o Financiamento dos Pagos a Provedores. Así mesmo, quedan excluídas as propostas de pago que fosen obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución,

procedementos administrativos de compensación ou actos análogos ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Así mesmo, o Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, no seu artigo 5, regula como funcións propias da Tesourería Local:

(...)

c) La elaboración de los informes que determine la normativa sobre morosidad relativa al cumplimiento de los plazos previstos legalmente para el pago de las obligaciones de cada Entidad Local.

e) La elaboración y acreditación del período medio de pago a proveedores de la Entidad Local, otros datos estadísticos e indicadores de gestión que, en cumplimiento de la legislación sobre transparencia y de los objetivos de estabilidad presupuestaria, sostenibilidad financiera, gasto público y morosidad, deban ser suministrados a otras administraciones o publicados en la web u otros medios de comunicación de la Entidad, siempre que se refieran a funciones propias de la tesorería.

III.- Período legal de pago e data de inicio do cómputo do PMP axustándose ao sistema de cálculo previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada Real Decreto 1040/2017), tomando como data de aprobación da conformidade, a conformidade técnica.

A Lei 11/2013, de 26 de xullo, de Medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego, modifica no seu artigo 33, entre outros, o artigo 4 da Lei 3/2004, xa citada, establecendo:

*“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad.*

(.....)

*2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.*

*3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...).”*

Do mesmo modo, o artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 9 de novembro de Contratos do Sector Público, establece que:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 210.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen*

*medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio”.*

Pola súa parte, a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira, incluíndo no seu apartado catorce a disposición adicional quinta co seguinte literal:

*“Disposición adicional quinta. Plazo de pago a provedores.*

*Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”*

A Administración, polo tanto, dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos que acrediten a conformidade, e dispón doutros trinta días a partir desta data de aprobación para proceder ao pagamento do prezo sen incorrer en atraso.

O inicio do cómputo do período medio de pagamento, tanto das operacións pagadas como as pendentes de pago, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútase, dende o rexistro da factura na plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou se fose o caso de acredores non suxeitos a obriga de presentar a mesma na Plataforma Face por non estar no ámbito que regula o artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, no Rexistro Xeral do Concello de Vigo. En todos os supostos, o rexistro da factura supón a anotación automática no rexistro contable de facturas (RCF), empezando o período de cómputo.

Así, o inicio do cómputo do período medio de pago ou «dies a quo», tanto das operacións pagas como das pendentes, polo que se refire aos Informes de Morosidade compútanse «desde a entrada da factura ou documento xustificativo no rexistro administrativo que corresponda», ata o seu pago ou ata o último día do período.

En canto ao cómputo dos días de pago ou pendentes de pago aos efectos do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coa modificación incorporada polo Real Decreto 1040/2017, é o seguinte:

Para as que se atopen pagadas ao final do período de cómputo

- a) A data de conformidade das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.
- b) A data de conformidade dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.

Para as pendentes de pago

Pendientes de pago e conformadas: desde data de conformidade até o último día do período de cómputo, agás, que os días transcurridos desde data rexistro até conformidade, sexa superior aos días transcurridos dende a data de rexistro +30, nese caso, a data de cómputo é a de data de rexistro +30 até o último día do período de cómputo.

Pendientes de pago e non conformadas ao final de período de cómputo: Se, desde data de entrada en rexistro contable de facturas até final do período de cómputo é menor que data rexistro+30, non computa no PMP.

Se, desde data de entrada en RCF ou rexistro até final do período de cómputo é maior que data rexistro+30, o número de días de cómputo é desde data rexistro+30 até final do período de cómputo.

Cando se pague esta factura, coa conformidade, os días de cómputo son desde data rexistro+30 até a data de pago.

O criterio de RCF ou rexistro + 30, e o prazo que ten a Administración como máximo para dar conformidade, polo que, a partires desa data, a factura entra no cálculo do PMP, a data que ten a administración para conformar é a prevista no artigo 198.4 de la LCSP.

Salvo casos particulares como a Certificación Final de Obra (3 meses para aprobar e 30 días desde esta para pagar) e en caso de liquidación de Contrato (60 días para pagar desde a aprobación da liquidación de contrato), a Administración ten que facer fronte ao pagamento dentro dos 30 días seguintes á conformidade da factura, ademais, deberá conformar a mesma dentro dos 30 días seguintes a da súa presentación.

#### IV.- Estructura e datos a incluír nos Informes de Morosidade.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas publicou no ano 2015 unha Guía para a elaboración dos informes trimestrais de morosidade, cuxo contido íntegro pode consultarse na páxina web do citado Ministerio:

Ministerio([www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf](http://www.minhafp.gob.es/Documentación/Publico/DGCFEL/InstruccionesAplicaciones/ManualUsuarioMorosidadv20.pdf)), que dispón que os informes haberán de elaborarse considerando a totalidade dos pagamentos realizados en cada trimestre natural, e a totalidade das facturas ou documentos xustificativos pendentes de pagamento ao final do mesmo, independentemente da data de rexistro da factura ou certificación de obra.

O artigo 16.6, da Orde Ministerial HAP/2105/2012, na súa redacción dada pola Orde HAP/2082/2014, establece que:

*"O informe trimestral, regulado no artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, na que se incluírá, polo menos, de acordo coa metodoloxía establecida para o cálculo o período medio de pagamento a provedores das Administracións Públicas, o detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores, así como das operacións pagadas e pendentes de pagamento de cada entidade e do conxunto da Corporación Local. "*

A base de datos que se ten en consideración para a análise que conforma o informe, e a mesma que a utilizada mensualmente para dar cumprimento ao previsto no Real Decreto 635/2014 e Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro para dar a información requirida polo MINHAC en cumprimento da Lei de morosidade, é dicir, o Rexistro Contable de facturas, cuxo funcionamento de anotación de facturas é en tempo real, no mesmo momento no que se fai a

anotación no rexistro da plataforma FAcE ou no Rexistro Xeral do Concello, polo tanto, o sistema de información está totalmente integrado é garantista do estado no que se atopa calquera factura.

Deste modo, o informe trimestral considerará a seguinte información:

- Pagamentos realizados no trimestre.
- Intereses de demora pagados no trimestre.
- Facturas ou documentos xustificativos pendentes de Pagamento ao final do trimestre.
- Detalle do período medio de pagamento global a provedores e do período medio de pagamento mensual e acumulado a provedores.
- Tamén se vai a engadir, a contía dos pagamentos feitos tendo en conta o previsto no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo.

#### V.- Datos correspondentes ao 1º trimestre do ano 2026.

En consecuencia, en cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, remítese ao Pleno da Corporación o informe sobre o cumprimento dos prazos previstos para o pago das obrigas correspondentes ao 1º trimestre do exercicio 2026 que se achega xunto co presente escrito; declarando que os datos nel contidos correspóndense cos pagos realizados no trimestre e coas obrigas pendentes de pago ao final de dito trimestre polo Concello de Vigo, o seu Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións que forman parte do perímetro de consolidación (MARCO, CONVENTION BUREAU e LISTE ), segundo os datos contidos na base de datos de contabilidade do Concello de Vigo e do seu Organismo Autónomo (Rexistro contable de facturas) e a información remitida das Fundacións Marco e Convention Bureau.

Achégase a información que se envía ao Ministerio de Facenda, que se incorpora a páxina web do Concello de Vigo, información económica e o portal de transparencia.

Situación	Entidade Local	X. M. Urbanismo	F. MARCO	C. BUREAU	F. LISTE
<b>Pagos feitos no trimestre</b>					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	944	79	141	34	53
Importe dos pagos	33.670.013,46	367.772,21	158.733,36	63.997,98	6.175,15
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	1	1	33	0	0
Importe	5.028,03	1.957,74	43.491,78	,00	,00
<b>PMP (período medio de pago do trimestre)</b>	<b>7,04 días</b>	<b>15,89 días</b>	<b>23,44 días</b>	<b>3,22 días</b>	<b>6,92 días</b>
<b>Intereses de demora pagados no trimestre</b>					
Nº de pagos	,00	,00	,00	,00	,00
Importe	,00	,00	,00	,00	,00
<b>Pagos pendentes ao remate do trimestre</b>					
<i>Dentro do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	132	34	11	1	5
Importe dos pagos	3.131.601,10	62.647,76	13.965,24	47,18	1.629,86
<i>Fora do período legal de pagos</i>					
Nº de pagos	103	54	0	0	0

Importe	1.053.727,38	6.297,65	,00	,00	,00
<b>PMPP (Período medio pendiente de pago do trimestre)</b>	<b>27,74 días</b>	<b>9,39 días</b>	<b>11 días</b>	<b>5,00 días</b>	<b>2,52 días</b>

O "Período *medio de pago*" dos efectuados no trimestre, é o indicador do número de días medio que se tardou en realizar os pagamentos, contados dende a data de recepción (Rexistro FAcE ou Rexistro Xeral do Concello) da factura.

O "Período medio do pendiente de pagamento" ao final do trimestre, é o indicador do número de días de antigüidade das operacións pendentes de pagamento a final do trimestre.

As facturas pagadas ou pendentes de pago que están ou foron pagadas fora do período legal de pagos, non teñen causa nun problema de liquidez, senón, que na maioría dos casos, a súa causa é o atraso na conformidade e tramitación da mesma polo servizo xestor do gasto, que en cumprimento do previsto na Base 18ª.2.i) das de Execución do Orzamento, debería dar conformidade ou desconformidade ao documento, nos 5 días hábiles seguintes o da súa recepción.

#### Resumo por trimestres de morosidade, en días

Trimestre	Entidade									
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F LISTE	
	Días		Días		Días		Días			
	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP	PMP	PMPP
Primeiro	7,04	27,74	15,89	9,39	23,44	11,00	3,22	5,00	6,92	2,52
Segundo										
Terceiro										
Cuarto										

#### En contías e nº de pagos

Trimestre	Entidade									
	Concello		XMU		F. MARCO		F. C.BUREAU		F. LISTE	
	Importe		Importe		Importe		Importe		Importe	
	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago	pagado	pt. pago
<b>Primeiro</b>	33.675.041,49	4.185.328,48	369.729,95	68.945,51	202.225,14	13.965,24	64.045,16	47,18	6.175,15	1.629,86
Nº pagos	945	235	80	58	174	11	35	1	53	5
<b>Segundo</b>										
Nº pagos										
<b>Terceiro</b>										
Nº pagos										
<b>Cuarto</b>										
Nº pagos										

Tendo en conta que a administración dispón dun prazo máximo de trinta días contados dende o seguinte á entrega dos bens ou prestación dos servizos para aprobar as certificacións ou documentos



Decembro										
TOTAL	37.008.428,37		369.729,95		202.056,66		63.997,98		6.170,13	,00

Análise para o conxunto do período (ano 2026) para os entes con Orzamento Limitativo (Concello e XMU)

INSTITUCIÓN	PERÍODO* DE PAGO xaneiro-marzo	Pagado	pt. Pago
Concello de Vigo	7,68	37.008.428,37	4.271.004,16
Xerencia Municipal de Urbanismo	14,77	369.729,95	68.945,41

As diferencias entre os pagos tomados en conta pola Lei 3/2004 e o RD 635/2014 coa modificación incorporada polo RD 1040/2017, está nas retencións, embargos e pagos parciais, nun caso son tomadas como pagos e noutro non, aínda que, como se pode comprobar a diferenza é de escasa importancia.

En relación co PMP, o RD 1040/2017, incorporou non só variacións no dies a quo, senón na forma de cálculo. O RD 1040/2017, computa desde a data de conformidade da factura até o pago ou até o último día do período de análise.

O que poño en coñecemento da Concellaría delegada de Orzamentos e Facenda do Concello de Vigo, para o seu coñecemento e aos efectos oportunos.”

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria do 20 de abril 2026, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do 2026 e período medio de pagos dos 3 primeiros meses do 2026. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

### **3.(62). ESTADO DE EXECUCIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO 2026, ASÍ COMO DO MOVEMENTO DE TESOURERÍA POR OPERACIÓNS ORZAMENTARIAS E NON ORZAMENTARIAS; DACIÓN DE CONTA. EXPEDIENTE 463/143. (EXPTE. PLENO 5421/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do informe da Dirección Superior Contable e Orzamentaria, de data 14.04.26, que di o que segue,

“Normativa

- Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004.

- Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local.
- Orde HAC/836/2021, de 9 de Xullo, pola que se aproban as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de Execución Orzamentaria para o ano 2026.

En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, Regra 52 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de Execución Orzamentaria para o ano 2026, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que "Trimestralmente, e artigo 4.2 do RD 128/2018, a Intervención Xeral Municipal ou o Órgano que teña atribuída a función de Contabilidade, remitiralle ao Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación".

A información que se remite corresponde ao PRIMEIRO trimestre do ano, recollendo nos citados estados a información relativa ao rexistro dos feitos contables até o 31 de MARZO de 2026.

O formato dos informes que se relacionan da Entidade e do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, son extraídos do aplicativo GEMA, tanto dos informes da Execución Trimestral como do avance da Conta Xeral ao 30/03/2026.

Información sobre as entidades do Grupo con Orzamento Limitativo

Gastos e Ingresos por capítulos da Entidade e da XMU.

Gastos por capítulos de exercicios pechados da Entidade o da XMU.

Gastos por programas e capítulos da Entidade o da XMU.

Ingresos por capítulos de exercicios pechados da Entidade o da XMU.

Ingresos por artigos da Entidade o da XMU.

Modificacións Orzamentarias da Entidade o da XMU.

Devolución de ingresos da Entidade o da XMU.

Recadación Neta da Entidade e da XMU.

Remanente de Tesourería da Entidade e da XMU.

Resultado Orzamentario da Entidade e da XMU.

Estado de Tesourería da Entidade e da XMU.

ONP: Debedores, Acredores e Ingresos pendentes de aplicación, da Entidade e da XMU.

Estados consolidados.

Gastos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados.

Ingresos por capítulos exercicio corrente estados Consolidados.  
Gastos por Áreas consolidado.

Gastos por capítulos exercicios pechados estados Consolidados.

Ingresos por capítulos exercicios pechados estados Consolidados.

Resultado orzamentario estados consolidados.

Fluxos de efectivo estados consolidados.

Outra información:

En relación co estado de situación da débeda financeira bancaria, non se remite información por non existir a esta data operación algunha pendente de amortizar.

A información enviada é comprensiva de todo o desenvolvemento orzamentario tanto de corrente como de pechados. A mesma será incorporada ao portal de transparencia.

A execución do orzamento vai estar dentro dos límites que marca a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira, Lei Orgánica 2/2012.

O Orzamento do ano 2026, está proxectado para dar cumprimento á regra de gasto, límite que está imposto por aplicación de Lei de Estabilidade, que para o ano actual, o gasto non pode superar o 3,50% da Liquidación do gasto computable axustado do ano 2025.

NOTA:

Toda a información é a consolidada corresponde aos entes con orzamento Limitativo. (Entidade e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo)."

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión ordinaria de 20 de abril, queda informada.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do estado de execución do Estado de Gastos e Ingresos do Orzamento correspondente ao primeiro trimestre do 2026, así como do movemento de Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias. O Pleno toma coñecemento do mesmo.

\*.- **Incidencia.** Neste intre, en cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

## **MOCIÓNS:**

### **4.(63). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS E CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALIZA. EXPTE. 5428/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2026, número 5428/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

*EN DEFENSA DAS TRABALLADORAS E TRABALLADORES GALEGOS E CONTRA A CRIMINALIZACIÓN DAS BAIXAS LABORAIS POR PARTE DO GOBERNO DA XUNTA DE GALIZA*

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, no marco do Debate sobre o Estado da Nación, o presidente da Xunta de Galiza, Alfonso Rueda, presentou como principal medida en materia laboral unha proposta dirixida a endurecer o control sobre as baixas por incapacidade temporal. Esta iniciativa, lonxe de abordar as causas estruturais da precariedade ou a saúde laboral, supón un ataque directo aos dereitos da clase traballadora galega.

A proposta do Partido Popular parte dunha premisa insultante: situar o foco da sospeita sobre as traballadoras e traballadores, cuestionando a súa honestidade e tratando o persoal médico como cómplice de prácticas fraudulentas. Esta visión ignora deliberadamente a realidade estatística do noso país, que desmonta calquera teoría sobre o abuso da incapacidade temporal: Galiza sitúase como a segunda comunidade autónoma co índice máis baixo de baixas laborais de todo o Estado (27 por cada mil afiliados fronte á media estatal de 40).

O problema en Galiza non é o absentismo inxustificado, senón unha xestión sanitaria deficiente e unha precariedade laboral alarmante que se manifesta nos seguintes puntos:

- Sinistralidade Laboral: Galiza lidera sistematicamente as estatísticas de accidentes de traballo, con cifras dramáticas como as 43 mortes rexistradas o pasado ano.

- Colapso da Sanidade Pública: Se as baixas teñen unha duración maior no noso país, é debido ás listas de espera e ao desmantelamento da Atención Primaria e Especializada, o que atrasa inevitabelmente diagnósticos e tratamentos.
- Privatización encuberta: Esta proposta pretende utilizar o colapso sanitario como escusa para derivar competencias e recursos cara ás mutuas privadas, debilitando aínda máis o sistema público de saúde.

Criminalizar a quen padece unha enfermidade ou sufriu un accidente laboral é socialmente impresentábel. O que cómpre non é perseguir a doentes, senón reforzar o persoal sanitario e mellorar as condicións de seguridade nos centros de traballo.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

#### ACORDOS:

Primeiro.- Amosar o rexeitamento do Concello de Vigo á proposta irresponsábel da Xunta de Galiza de endurecer e dificultar o acceso ás baixas laborais, por considerar que criminaliza de xeito inxustificábel a clase traballadora galega.

Segundo.- Demandar da Xunta de Galiza que pida desculpas publicamente ás traballadoras e traballadores galegos polas acusacións intolerábeis de fraude e absentismo vertidas desde a presidencia do Goberno galego.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galiza a:

- Reforzar de xeito inmediato o persoal da Sanidade Pública, especialmente en Atención Primaria, como medida imprescindible para garantir unha atención rápida e eficaz que reduza os tempos de recuperación das doenzas laborais.
- Abandonar calquera estratexia de privatización da xestión da saúde laboral a través das mutuas, por ser unha deriva vulnerábel para o sistema público e os dereitos laborais.
- Incrementar as políticas de prevención de riscos laborais e a vixilancia sobre a sinistralidade para frear o elevado número de accidentes e mortes no traballo en Galiza, unha situación que resulta insustentábel.

Cuarto.- Dar traslado destes acordos ao Goberno da Xunta de Galiza e aos grupos parlamentares con representación no Parlamento de Galiza.”

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

#### VOTACIÓN:

•Votos a favor: dous (2) dos membros presentes do grupo municipal do BNG, señora e señor, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•Votos en contra: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•Abstencións: dezoito (18), dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia.

ACORDO:

Con dous (2) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal do BNG, cinco (5) votos en contra, e dezoito abstencións (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.04.26 (Rex. Nº 5428/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "En defensa dos traballadoras e traballadores galegos e contra a criminalización das baixas laborais por parte do goberno dfa Xunta de Galicia", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*\*.- **Incidencia.** Sendo as 09:46 horas, ausentase do Salón de Plenos a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

## **5.(64). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELACIONADA CÓ IES DOMINGO VILLAR DE NAVIA. EPXTE. 5432/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2026, número 5432/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, formula a seguinte,

### MOCIÓN

#### "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En xaneiro de 2024 asinouse o convenio de colaboración co obxectivo de establecer o marco de cooperación entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e o Concello de Vigo, co fin de construír un novo instituto de educación secundaria en San Paio de Navia, en Vigo, e así mellorar o servizo público educativo na cidade.

Este convenio foi o resultado de anos de loita da comunidade educativa e do goberno local para arrincar un compromiso da Xunta de Galicia que permitise ampliar as prazas de educación secundaria e bacharelato mediante a creación dun novo instituto na parroquia de Navia. Trátase dunha contorna, a de Navia e Coia, na que as familias estaban condenadas a desprazar nenos e nenas de 12 anos para cursar os seus estudos en Valadares.

A Xunta de Galicia, logo de anos de negativas e dilacións, e ante a presión de nais, pais, comunidade educativa, veciñas e veciños de Vigo e do goberno local, asinou o devandito convenio de colaboración. Nel, o Concello de Vigo comprometeuse a poñer á disposición da Xunta a parcela EQ-IIIB do polígono 2 do Plan Parcial de Navia para a construción do IES de Navia, así como a axilizar todos os trámites municipais necesarios, incluíndo a posta a disposición dos terreos e a concesión de licenzas, unha vez comprobada a adecuación á normativa técnica e urbanística.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprometeuse á licitación das obras en 2024, executándoas entre 2025 e 2026, e asumindo calquera sobrecoste que puidese xurdir. Así as cousas, na visita efectuada a Vigo-Navia en xuño de 2025, momento da concesión da licenza municipal que autorizaba as obras, o conselleiro Román Rodríguez comprometeu que o IES Domingo Villar estaría en funcionamento no curso 2027-2028, xa que as obras comezarían en 2025.

Transcorridos dous anos desde a sinatura do convenio, a única administración que cumpriu os seus compromisos é o Concello de Vigo, mentres que a Xunta de Galicia acumula nove meses de atraso que impedirán dispoñer do IES Domingo Villar no curso 2027-2028.

Este incumprimento de compromisos esténdese tamén ao punto quinto do convenio, que establece que ambas administracións deben garantir, en todos os medios e actos utilizados para promocionar e difundir esta actuación, a colaboración entre elas. Este punto está a ser incumplido de forma reiterada pola Xunta de Galicia en cada unha das súas visitas á parcela municipal de Navia onde se ubicará o instituto.

O pasado 7 de abril, o conselleiro de Educación visitou a parcela cedida polo Concello onde se edificará o IES Domingo Villar. Nesa visita, actuou de forma antidemocrática ao mesturar a representación institucional coa do Partido Popular, permitindo a presenza de representantes do PP que non teñen cargo nin representación institucional no goberno da Xunta. Esta actuación resulta contraria aos principios democráticos, polo que a Xunta de Galicia debe abandonar de inmediato estas prácticas e o conselleiro debe pedir desculpas por ter consentido esta situación.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

## ACORDOS

- Abrir o IES Domingo Villar de Navia no curso 2028-2029 para os catro cursos de ensino secundario e os dous cursos de bacharelato.
- Realizar en 2027 a oferta pública de emprego que complete o cadro de persoal do IES Domingo Villar de Navia, de xeito que o profesorado estea completo para o curso 2028-2029.
- Modificar os criterios de zonificación escolar de Vigo co obxectivo de que o alumnado de Navia e Coia curse os estudos secundarios en institutos situados nos seus barrios.
- Cumprir os compromisos e a colaboración institucional sinalados no convenio.
- Garantir a gratuidade do transporte público para todo o alumnado de Navia e Coia que curse os seus estudos en Valadares no curso 2027-2028, debido ao atraso na apertura do IES Domingo Villar.
- Instar ao conselleiro de Educación a que pida desculpas publicamente por permitir a presenza de cargos do PP sen representación institucional no goberno da Xunta e a que esta abandone estas prácticas reiteradas."

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 24 de abril de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución do dispositivo 3 que consta no expediente electrónico número 5437/1101, nos seguintes termos.

- *Modificar os criterios de zonificación escolar de Vigo, de maneira dialogada e consensuada coa comunidade educativa e co ditame previo do Consello Escolar Municipal de Vigo, co obxectivo de garantir que o alumnado dos centros educativos de Navia e Coia cursen os estudos secundarios nos institutos dos seus barrios.*

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, Sra. Caride Estévez, poñente da moción, acepta a emenda de substitución formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG (5432/1101).

#### VOTACIÓN DA EMENDA:

•*Votos a favor:* dezanove (19), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señoras e señores, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dous (2) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señor, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* Non houbo

#### ACORDO:

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17) e mais dous (2) dos membros do grupo municipal do BNG, acórdase incorporar a emenda de substitución ao texto da moción.

#### VOTACIÓN DA MOCIÓN EMENDADA:

•*Votos a favor:* dezanove (19), dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señoras e señores, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dous (2) dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señor, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* Non houbo

#### ACORDO:

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17) e mais dous (2) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.04.2026 (Rex. Nº 5432/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Caride Estévez, coa substitución do parágrafo 3 pola da emenda presentada polo concelleiro do BNG, Sr. Pérez Igrexas, quedando do seguinte texto:

- Abrir o IES Domingo Villar de Navia no curso 2028-2029 para os catro cursos de ensino secundario e os dous cursos de bacharelato.
- Realizar en 2027 a oferta pública de emprego que complete o cadro de persoal do IES Domingo Villar de Navia, de xeito que o profesorado estea completo para o curso 2028-2029.
- Modificar os criterios de zonificación escolar de Vigo, de maneira dialogada e consensuada coa comunidade educativa e co ditame previo do Consello Escolar Municipal do Concello de Vigo, co obxectivo de garantir que o alumnado dos centros educativos de titularidade pública de Navia e Coia cursen os estudos secundarios nos institutos públicos dos seus barrios.
- Cumprir os compromisos e a colaboración institucional sinalados no convenio.
- Garantir a gratuidade do transporte público para todo o alumnado de Navia e Coia que curse os seus estudos en Valadares no curso 2027-2028, debido ao atraso na apertura do IES Domingo Villar.
- Instar ao conselleiro de Educación a que pida desculpas publicamente por permitir a presenza de cargos do PP sen representación institucional no goberno da Xunta e a que esta abandone estas prácticas reiteradas."

*\*.- **Incidencia.** Sendo as 10:07 horas, ausentase do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

## **6.(65). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA ESIXINDO Á XUNTA DE GALICIA UN PLAN PARA A REFORMA INTEGRAL DAS INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS DE VIGO. EXPTE. 5433/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2026, número 5433/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

### MOCIÓN

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A calidade do sistema educativo non só depende dos recursos humanos e pedagóxicos, senón tamén do estado das infraestruturas nas que se desenvolve o ensino.

A día de hoxe, son moitos os colexios e institutos da nosa cidade que presentan deficiencias graves: problemas estruturais, barreiras arquitectónicas, instalacións obsoletas e falta de espazos adecuados.

Unha realidade sobradamente coñecida pola administración autonómica, pero sistematicamente ignorada ou minimizada.

Recordemos que as competencias educativas son da Xunta de Galicia, tal como están establecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981), principalmente no seu artigo 31, que outorga á Comunidade Autónoma a competencia plena para a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión: niveis, graos, modalidades e especialidades, dentro do marco constitucional.

As condicións dos centros afectan directamente o benestar do alumnado, do profesorado, do persoal non docente e das familias, dificultando o desenvolvemento dunha educación pública de calidade, inclusiva e adaptada ás necesidades actuais.

Esta situación non é puntual nin illada, senón o resultado de anos de abandono, da falta de planificación e de compromiso político sostido no tempo.

Mentres se anuncian investimentos puntuais, a realidade diaria da comunidade educativa viguesa reflicte abandono. O alumnado e o profesorado non poden seguir desenvolvendo a súa actividade en condicións que non cumpran cos estándares mínimos de calidade, seguridade e dignidade.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO:

- Esixir á Xunta de Galicia a elaboración inmediata dun Plan para a reforma integral das infraestruturas educativas viguesas tras 17 anos de abandono por parte da Xunta."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN:

•Votos a favor: dezaoito (18) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dous (2) dos membros presentes do grupo municipal do BNG, señora e señor, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•Votos en contra: Non houbo

•Abstencións: cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

ACORDO:

Con dezaoito (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), mais dous (2) dos membros presentes do grupo municipal do BNG, e cinco abstencións (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.04.26 (Rex. Nº 5433/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "Esixindo á Xunta de Galicia un plan para a reforma integral das infraestruturas educativas de Vigo", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

*\*.- **Incidencia.** Sendo as 10:27 horas, incorpórase ao Salón de Plenos a Primeira Tenente de Alcalde, Sra. Silva Rego, pasando a presidir a sesión. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

## **7.(66). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DA ÁREA DE CIRURXÍA CARDÍACA E HEMODINÁMICA. EXPTE. 5434/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2026, número 5434/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, formula a seguinte,

### MOCIÓN

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema sanitario público constitúe un dos piares fundamentais do Estado de Benestar, e debe garantir unha atención equitativa, accesible e de calidade para toda a cidadanía.

O Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI) foi historicamente un centro de referencia en Galicia para a realización de cirurxías cardíacas, contando con profesionais altamente cualificados, medios técnicos avanzados e unha ampla experiencia neste ámbito.

Esta capacidade permitiu dar cobertura non só á área sanitaria de Vigo, senón tamén a outras áreas coma a de Pontevedra e O Salnés.

Con todo, a reorganización levada a cabo pola Xunta de Galicia, supuxo a retirada das cirurxías cardíacas correspondentes á área sanitaria de Pontevedra e o Salnés, do CHUVI, desviando estes casos a Santiago, e xerando un impacto negativo tanto na eficiencia do sistema como na accesibilidade dos pacientes deste tipo de intervencións.

Esta decisión incrementou os desprazamentos, puido afectar aos tempos de atención e supuxo unha diminución no aproveitamento dos recursos existentes no CHUVI.

Diversos colectivos profesionais e sociais, xa manifestaron a súa preocupación por esta situación e a necesidade de garantir unha atención sanitaria de proximidade, eficiente e de calidade.

E por esto que propoñemos ao Pleno da Corporación os seguintes:

#### ACORDOS:

- Esixir á Xunta de Galicia a recuperación no Complexo Universitario de Vigo (CHUVI) a realización das cirurxías cardíacas e atención de hemodinámica, correspondentes á Area Sanitaria de Pontevedra e o Salnés.
- Reclamar á Consellería de Sanidade que garanta unha planificación sanitaria baseada en criterios de equidade, proximidade, eficiencia e calidade asistencial, dotando ao CHUVI dos medios necesarios para desenvolver a capacidade real da area de cirurxía cardíaca e hemodinámica."

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

#### VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* dezanove (19) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dous (2) dos membros presentes do grupo municipal do BNG, señora e señor, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* Non houbo

•*Abstencións:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

#### ACORDO:

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), mais dous (2) dos membros presentes do grupo municipal do BNG, e cinco abstencións (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 22.04.26 (Rex. Nº 5434/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Espinosa Mangana, "Instando á Xunta de Galicia a adopción de medidas da área de cirurxía cardíaca e hemodinámica", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **8.(67). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS RELACIONADAS CÓ AEROPORTO DE VIGO. EXPTE. 5435/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2026, número 5435/1101, o concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

### MOCIÓN

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas se están a producir pronunciamentos confusos sobre os usos que deben ter os aeroportos de Galicia, é dicir, sobre a política aeroportuaria que debe ter a Xunta de Galicia coas tres terminais galegas.

Por unha banda, o Cluster do “Turismo de Galicia” (con sede na Cidade da Cultura de Santiago) propón limitar o uso do aeroporto de Vigo a Viaxes de negocio e centralizar o turismo en Santiago, cando o crecemento turístico de Vigo e da súa contorna é máis que evidente como se reflexa nos datos obxetivos de viaxantes e pernoctacións. Por outra banda, a Xunta de Galicia basea a súa estratexia na publicidade en destino para atraer viaxantes.

Como vimos defendendo, a configuración da xeografía e orografía de Galicia fai que sexa necesario manter a nosa infraestrutura aeroportuaria e dotar de rutas aos aeroportos que favorezan a mobilidade persoal pero tamén o tecido productivo da nosa Comunidade Autónoma e, por suposto, de Vigo e da súa área metropolitana. É dicir, é preciso aplicar a lóxica: a existencia de rutas aéreas permite o mantemento e incremento de viaxeiros de negocios, de lecer e viaxe familiar e a ausencia de rutas elimina esas posibilidades. Polo tanto, a única medida efectiva é contar con rutas aéreas.

Neste sentido, AENA identificou ata dez rutas con potencialidade para o aeroporto de Vigo e comprometeu axuda económica para lograr a súa implantación e mantemento. Trátase dunha proposta técnica, solvente e con consignación económica precisa que se contrapón a vaguedade da Xunta de Galicia e da Deputación de Pontevedra.

Ademáis desas rutas, que poden ser rentables por sí mesmas, a potencialidade da nosa contorna fai preciso apostar por rutas que nos conecten con Europa e con outras partes do mundo para manter a conectividade do contorno socio económico de Vigo, como primeira cidade de Galicia en poboación, en actividade económica, en turismo e en referencia mundial para moitos sectores.

Esta petición é aínda máis importante neste contexto de inestabilidade xeopolítica mundial e de incremento do prezo dos combustibles.

Non se pode esperar máis e é preciso que se comprometan cifras concretas, tanto por parte da Xunta de Galicia como pola Deputación de Pontevedra, para que poidan xerarse os créditos orzamentarios nos Concellos para poder realizar as actuacións de promoción de rutas nacionais e internacionais para defendernos das políticas aeroportuarias que, dende Portugal pero tamén dende outras cidades, están reducindo as capacidades e as potencialidades do aeroporto de Vigo.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes

#### ACORDOS:

- Urxir á Xunta de Galicia para que, dunha vez por todas, apoie ao aeroporto de Vigo, abandonando o intento de danalo.
- Rexeitar as propostas interesadas de limitar o uso do aeroporto de Vigo.
- Que a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra aproben créditos orzamentarios concretos para a promoción turística de Vigo con compañías aéreas ,vinculado ao establecemento de conectividade aérea directa co aeroporto de Vigo e seguindo o procedemento legal establecido en materia de contratos.”

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 23 de abril de 2026, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula emenda de substitución que consta no expediente electrónico número 5436/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro Electrónico do Pleno con data de entrada do 24 de abril de 2026, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de engádeda que consta no expediente electrónico número 5438/1101.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O concelleiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, poñente da moción, non acepta as emendas formuladas pola voceira do grupo municipal do Partido Popular (5436/1101), nin polo voceiro do grupo municipal do BNG (5438/1101).

#### VOTACIÓN:

*Votos a favor:* dezanove (19) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dous (2) dos membros presentes do grupo municipal do BNG, señora e señor, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Votos en contra:* cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Abstencións:* Non houbo

#### ACORDO:

Con dezanove (19) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), mais dous (2) dos membros presentes do grupo municipal do BNG, e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Aprobar a Moción presentada, en data 24.03.2026 (Rex. Nº 5435/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. Aneiros Pereira, "*Instando á Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas co Aeroporto de Vigo*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **PARTE DE CONTROL**

### **MOCIÓNS.**

#### **9.(68). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DIANTE DA PROLIFERACIÓN DAS "NARCOCASAS" EN VIGO E O INCREMENTO DA INSEGURIDADE CIDADÁ. EXPTE. 5431/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de abril de 2026, número 5431/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, formula a seguinte,

### MOCIÓN

#### "EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vigo atravesa unha alarmante crise de seguridade cidadá logo de que o repunte e proliferación das chamadas "narcocasas" —vivendas a miúdo okupadas ilegalmente, moitas delas convertidas en puntos de venda e consumo de estupefacientes— estea a degradar a convivencia nos nosos barrios e parroquias.

Casos recentes, como o do barrio de Fontiñas (Cabral), que persiste desde hai máis de dous anos a pesar das reiteradas denuncias veciñais, evidencian un desleixo institucional. Os veciños viven atemorizados polo trapicheo constante de droga, as pelexas e a falta de seguridade que existe na contorna. Situacións diante das que as Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, lastradas pola falta de efectivos, fan o que poden.

Pero mentres a presenza destes focos de inseguridade aumentou de xeito significativo nos últimos anos, o Goberno de Abel Caballero e o subdelegado do Goberno na provincia, Abel Losada, responden atacando aos representantes públicos do Partido Popular. Ata o punto de que o señor Losada acusounos falsamente o pasado mes de novembro de "reventar" unha investigación policial. Ou descualificando hai ben poucos días como "show" a presenza dos nosos concelleiros e deputados diante da narcocasa de Cabral esixindo unha vez máis o seu desmantelamento.

É imperativo que o Concello e a subdelegación do Goberno deixen de mirar para outro lado e utilicen todas as ferramentas legais, urbanísticas e policiais para erradicar estes puntos negros, tal e como se fixo na contorna da rúa Pizarro grazas a presión veciñal e política por parte deste grupo municipal .

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao Goberno local a incrementar a presenza da Policía Local nos barrios e parroquias afectados pola presenza das narcocasas e a coordinar coa subdelegación do Goberno o reforzo de efectivos da Policía Nacional para combater a inseguridade cidadán que xeran estes puntos.

2.- Instar ao Goberno municipal e ao Ministerio do Interior a dotar á cidade dos recursos policiais necesarios para afrontar esta crise, diante da falta de efectivos que sofren ambos os dous corpos.

3.- Instar ao goberno de España a promover a reforma da lexislación vixente para facilitar o desaloxo urxente das vivendas usurpadas aos seus lexítimos propietarios.

4. Demandar a creación dunha oficina municipal de antiokupación ilegal de vivendas para axilizar os expedientes de declaración de ruína, clausura e desaloxo, así como para asesorar aos propietarios e veciños afectados ao tempo que tamén, en coordinación cos servizos sociais, atender os posibles casos de emerxencia social vinculados a este fenómeno.

5.- Esixir a dimisión do subdelegado do Goberno na provincia de Pontevedra, Abel Losada, por acusar falsamente a concelleiros e deputados do Partido Popular de "rebentar" unha investigación policial en Cabral o pasado mes de novembro e volver insistir nesa mesma falsidade neste mes de abril logo da nova visita dos representantes populares a ese mesmo punto para esixir unha vez máis o seus desmantelamento."

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

#### VOTACIÓN:

•*Votos a favor:* cinco (5), dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, González Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez.

•*Votos en contra:* dezanove (19) dos membros presentes do grupo municipal Socialista (17), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dous (2) dos membros presentes do grupo municipal do BNG, señora e señor, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas.

•*Abstencións:* non houbo.

#### ACORDO:

Con cinco (5) votos a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular, e dezanove (19) votos en contra dos membros presentes do Partido Socialista (17) mais dous (2) dos membros do grupo municipal do BNG, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte acordo:

Rexeitar a Moción presentada, en data 22.04.2026 (Rex. Nº 5431/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez, "*Diante de proliferación das "Narcocasas" en Vigo*", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## **RESOLUCIÓNS.**

### **10.(69). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 19/03/26 E O 20/04/26, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5429/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/03/26 e o 20/04/26, incluídas no expediente 5429/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

### **11.(70). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 19/03/26 E O 20/04/26, INCLUÍDAS NO EXPTE. PLENO 5430/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 19/03/26 e o 20/04/26, incluídas no expediente 5430/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

## **12. FORMULACIÓN DE ROGOS.**

**12.1.(71).** Rogo formulado pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «Que se manteñan abertas e cun horario amplo todas as instalacións deportivas da cidade para uso e desfrute da veciñanza, incluídos os ximnacios municipais que xa sofren feches recorrentes por falta de persoal, desistindo así da decisión do Goberno Municipal de fechar o Complexo de Deportivo das Travesas até o 7 de xuño para ser usado como campamento militar para acoller ao Desfile das Forzas Armadas desaloxando a clubs deportivos e persoas usuarias que o empregan habitualmente».

**12.2.(72).** Rogo formulado pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra Sánchez Méndez. «Rogamos que este goberno municipal estudie as reclamacións presentadas por axentes da Policía Local denunciando desaxustes nas súas nóminas nos últimos catro anos correspondentes as actualizacións salariais aprobadas pola administración central e reclamando o seu abono».

## **13. FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

**13.1.(73).** Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro.«¿Cales foron as medidas que tomou o Goberno municipal antes e despois do

desaloxo das persoas que sobrevivían na nave da rúa Jacinto Benavente, en concreto cando e como foron informadas do desaloxo, que alternativas habitacionais se lles ofreceron e cantas destas persoas están hoxe residindo en vivendas dignas?».

**13.1.(74).** Pregunta formulada pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Sánchez Méndez. «¿Cando ten previsto este goberno municipal, recuperar unha oficina municipal de información turística a pé rúa, despois de que transcorran seis meses desde o peche do punto López de Neira, e aínda non conseguiron atopar outro espazo para atender aos visitantes como merecen sen facelos subir ao décimo andar do concello en busca de información.?».

## ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario abril 2026  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Lunes, 27 de Abril de 2026 09:03:17  
Fecha Fin : Lunes, 27 de Abril de 2026 11:35:24  
Duración : 02:32:07

- HTML

-----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas\\_new.jsp?id=3652](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas_new.jsp?id=3652)

- Media (MASTER)

-----  
[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.0 GiB  
Url -  
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/t5R82zSm8M3TpbRfXtVR1LeAuHlPK3LwHU5meXQNyf4WQShU.wmv>  
SHA512 - f2174dfbf4f65d376753a8b9fc87246655d4aa0eaf3fc968b10e46c9b66d2aa7bc764f679cd96e9b1945106449d6a957cc0675948397a84eb2f81bb6d94c3e52

- Media (PROXYS)

-----  
[1] Video H264, 480p, Stereo, 920 MiB  
Url -  
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/UU3g5pYeiZGUnhWaq3CvtUmt55BD58309YAxv0IG5hgBiOeR.mp4>  
SHA512 - 3678a282eb6484c33d2f5fd093a96a1507271666e62d7c5358ca7cad1cc6f2b9a14876027a1835328df037cfd11927d07438acabfa81ca864b8399ba4782884

- Minutaje

-----  
00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Silva Rego, Carmen; Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Manuel; Iglesias López, Patricia;

Sanchez Mendez, Luisa María; Martín Peña, José Miguel; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.

- 00:00:54 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:01:11 : 1. Actas anteriores: ordinaria do 30 de marzo do 2026.
- 00:01:36 : 2. Informe trimestral de Tesourería sobre o cumprimento dos prazos para o pago das obrigacións previstas nas leis, correspondente ao 1º trimestre do 2026 e período medio de pagos dos 3 primeiros meses do 2026; dación de conta. Expte. 27/543. (Expte. Pleno 5411/1101).
- 00:01:39 : 3. Estado de execución do estado de gastos e ingresos do orzamento correspondente ao 1º trimestre do 2026, así como do movemento de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias; dación de conta. Expediente 463/143. (Expte. Pleno 5421/1101).
- 00:01:59 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:06:55 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:07:01 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:12:18 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:12:22 - García González, Patricia
- 00:18:50 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:18:59 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:19:37 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:19:50 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:22:20 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:22:58 - Minuto de silencio
- 00:23:42 : 4. Moción do grupo municipal do BNG en defensa das traballadoras e traballadores galegos e contra a criminalización das baixas laborais por parte do goberno da Xunta de Galiza. Expte. 5428/1101.
- 00:23:59 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:29:10 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:29:15 - Gonzalez Abeijón, Fernando
- 00:34:01 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:34:06 - López Font, Carlos
- 00:39:11 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:39:17 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:42:26 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:42:34 - Votación [9:45:50]
- 00:43:12 : 5. Moción do grupo municipal Socialista relacionada có IES Domingo Villar de Navia. Expte. 5432/1101.
- 00:43:22 - Caride Estévez, María José
- 00:43:30 - Caride Estévez, María José
- 00:48:32 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:48:41 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:53:46 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:53:56 - Martín Peña, José Miguel
- 00:59:30 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:59:35 - Caride Estévez, María José
- 01:02:53 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:03:10 - Votación [10:06:27]
- 01:03:38 - Votación [10:06:55]
- 01:04:03 : 6. Moción do grupo municipal Socialista esixindo á Xunta de Galicia un plan para a reforma integral das infraestruturas educativas de Vigo. Expte. 5433/1101.
- 01:04:22 - Alonso Suarez, María Olga
- 01:09:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

01:09:34 - Martínez Piñeiro, Ana  
 01:14:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:14:59 - Benavides Alonso, Daniel  
 01:19:58 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:20:14 - Alonso Suarez, María Olga  
 01:23:12 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:23:26 - Votación [10:26:41]

01:23:51 : 7. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a adopción de medidas da área de ciruxía cardíaca, hemodinámica e radioterapia. Expte. 5434/1101.

01:24:05 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:29:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:29:21 - Martínez Piñeiro, Ana  
 01:34:26 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:34:36 - Martín Peña, José Miguel  
 01:38:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
 01:38:52 - Espinosa Mangana, Elena  
 01:41:53 - Silva Rego, Carmen  
 01:42:03 - Votación [10:45:19]

01:42:28 : 8. Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a adopción de medidas relacionadas co aeroporto de Vigo. Expte. 5435/1101.

01:42:45 - Aneiros Pereira, Jaime  
 01:47:50 - Silva Rego, Carmen  
 01:47:58 - Pérez Iglesias, Xabier  
 01:53:08 - Silva Rego, Carmen  
 01:53:14 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 01:58:16 - Silva Rego, Carmen  
 01:58:29 - Aneiros Pereira, Jaime  
 02:01:31 - Silva Rego, Carmen  
 02:04:22 - Votación [11:07:37]  
 02:04:22 - Silva Rego, Carmen

02:04:52 : 9. Moción do grupo municipal do Partido Popular diante da proliferación das ?Narcocasas? en Vigo e o incremento da inseguridade cidadá. Expte. 5431/1101.

02:05:11 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:10:08 - Silva Rego, Carmen  
 02:10:13 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:10:17 - Pérez Iglesias, Xabier  
 02:15:19 - Silva Rego, Carmen  
 02:15:28 - Aguiar Castro, Yolanda  
 02:19:27 - Silva Rego, Carmen  
 02:19:38 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:22:35 - Silva Rego, Carmen  
 02:28:36 - Votación [11:31:52]

02:28:49 : 10. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/03/26 e o 20/04/26, incluídas no Expte. Pleno 5429/1101.

02:29:04 : 11. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/03/26 e o 20/04/26, incluídas no Expte. Pleno 5430/1101.

02:29:21 : 12. Formulación de rogos.  
 02:29:26 - Martínez Piñeiro, Ana  
 02:30:02 - Sanchez Mendez, Luisa María  
 02:30:20 - Silva Rego, Carmen

02:30:26 : 13. Formulación de preguntas.  
 02:30:28 - Martínez Piñeiro, Ana  
 02:30:58 - Sanchez Mendez, Luisa María

02:31:18 - Silva Rego, Carmen  
02:32:07 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás once horas e trinta e cinco minutos (11:35) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 6/2024, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2026.  
am.

A PRESIDENCIA  
Javier Pardo Espiñeira  
M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO  
  
Jose Villan Fuertes